

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026807	Félix Muriel	Rianxo	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0020	Primeiros auxilios	2022/2023	0	53	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PABLO GARCÍA SANZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.
RA3 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.
RA4 - Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Asegurouse a zona segundo o procedemento oportuno.
CA1.2 Identificáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas.
CA1.3 Describiuse o contido mínimo dunha caixa de urxencias, así como as indicacións dos produtos e dos medicamentos.
CA1.4 Establecéronse as prioridades de actuación en múltiples vítimas.
CA1.5 Describíronse os procedementos para verificar a permeabilidade das vías aéreas.
CA1.6 Identificáronse as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da osixenación.
CA1.7 Describíronse e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.
CA1.8 Describíronse procedementos para comprobar o nivel de consciencia.
CA1.10 Identificouse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).
CA2.1 Describíronse os fundamentos da reanimación cardiopulmonar.
CA2.6 Indicáronse as lesións, as patoloxías e os traumatismos máis frecuentes.
CA2.7 Describiuse a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.
CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
CA2.9 Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.
CA2.10 Especificáronse casos ou circunstancias en que non se deba intervir.
CA3.2 Identificáronse os medios materiais de inmovilización e de mobilización.
CA3.3 Caracterizáronse as medidas posturais ante unha persoa lesionada.
CA3.4 Describíronse as repercusións dunha mobilización e dun traslado inadecuados.

Criterios de avaliación do currículo
CA3.6 Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección.
CA4.1 Descríbóronse as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e coas acompañantes.
CA4.3 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.
CA4.4 Valorouse a importancia de lle infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación.
CA4.5 Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade nas situacións de accidente, emerxencia e dó.
CA4.6 Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade, angustia ou agresividade.
CA4.7 Especificáronse as técnicas para superar psicolóxicamente o fracaso na prestación do auxilio.
CA4.8 Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.
RA3 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.
RA4 - Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Asegurouse a zona segundo o procedemento oportuno.
CA1.2 Identificáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas.
CA1.4 Establecéronse as prioridades de actuación en múltiples vítimas.
CA1.7 Descríbóronse e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.
CA1.8 Descríbóronse procedementos para comprobar o nivel de consciencia.
CA1.9 Tomáronse as constantes vitais.
CA1.10 Identificouse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).
CA2.2 Aplicáronse técnicas de apertura da vía aérea.
CA2.3 Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio e circulatorio.

Criterios de avaliación do currículo
CA2.4 Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DEA).
CA2.5 Aplicáronse medidas posreanimación.
CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
CA2.9 Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.
CA3.1 Efectuáronse as manobras necesarias para acceder á vítima.
CA3.2 Identificáronse os medios materiais de inmovilización e de mobilización.
CA3.5 Confeccionáronse sistemas para a inmovilización e a mobilización de persoas doentes ou accidentadas con materiais convencionais e inespecíficos, ou medios de fortuna.
CA3.6 Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección.
CA4.2 Detectáronse as necesidades psicolóxicas da persoa accidentada.
CA4.3 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES PARA A PRIMEIRA E SEGUNDA PARTE DA PROBA

Os establecidos como criterios de avaliación para cada un dos resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- As probas son eliminatorias, e avaliaranse de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 en cada unha delas para acadar unha avaliación positiva. É necesario superar a primeira proba para acceder á segunda, que terá lugar nunha data diferente.

- A cualificación final do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, isto é: decimais de 0 a 5, aproxímanse á unidade anterior, e decimais de 6 a 9, á superior.

- No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

- Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá CARÁCTER ELIMINATORIO e consistirá nunha proba escrita que versará sobre una mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A proba consistirá nunha parte tipo test e outra de cuestións a desenvolver.

O test estará composto por preguntas de catro opcións cunha única resposta correcta. As respostas erróneas descuentan 1/3 de pregunta correcta.

As respostas deben estar correctamente marcadas no exame (rodeando a letra correspondente á resposta que considere correcta). Aquelas non marcadas correctamente ou que deixen lugar a dúbidas, contaránse negativamente.

As cuestións a desenvolver estarán relacionadas cos CAs correspondentes. Deberá responderse con letra clara e lexible, en cor azul ou negro. Os exercicios que non sexan claramente lexibles puntuaranse cun 0.

-A proba será avaliada de 0 a 10, sendo necesario obter unha nota igual o superior a 5 para acadar unha avaliación positiva e acceder á segunda proba.

- Finalizada a proba, a Comisión de Avaliación exporá as puntuacións obtidas polos aspirantes no taboleiro de anuncios do IES Félix Muriel e convocará para a realización da segunda parte da proba.

4.b) Segunda parte da proba

- As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba serán convocadas nunha data distinta para a realización da segunda, que tamén terá CARÁCTER ELIMINATORIO e consistirá no desenvolvemento de 3 supostos prácticos extraídos ao chou de entre os distintos procedementos incluídos no currículo do módulo, e que poderán ser grabados en vídeo.

En caso de que o volume de aspirantes ou a situación sanitaria non permita o desenvolvemento da proba práctica, realizarase en forma dunha serie de supostos escritos.

-A proba será avaliada de 0 a 10, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 para acadar unha avaliación positiva.

-As persoas que non superasen a primeira parte da proba con a lo menos un 5 non poderán acceder á segunda, e polo tanto serán cualificadas con 0 nesta parte.

- Finalizada a proba, a Comisión de Avaliación exporá as puntuacións obtidas polos aspirantes no taboleiro de anuncios do IES Félix Muriel.